



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PsdeG-PSOE:

D^a. Marta María Figueroa Fuentes

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle

D^a. Marta María Iglesias Becerra

D. Miguel Suárez García

D^a. Jessica Méndez Sánchez

D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

D^a. María Penélope López Díaz

D. Carlos Liñares Gestal

D^a. Susana Amor Fernández

D. Abraham Seijas González

D^a. Cristina Pardo Portos

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu

D. Alfonso Rico Vereá

D. Antón Prieto García

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido

D^a. María Beatriz Pérez Mosquera

D. Gonzalo Méndez Mosqueira

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. María Alicia Ferreiro Varela

D. Eduardo José Mourelle Botana

D^a. Sandra María Marzoa García

Secretario:

D. José Villán Fuertes

Interventor accidental:

D. Roberto Babío Fernández

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás trece horas e trinta e dous minutos (13:32 h) do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres (23/02/2023), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral e o Interventor municipal accidental.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO DÍA 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER (previa ratificación da súa inclusión na orde do día).

Nin o Sr. Alcalde nin a Voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo político do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 2023/2107 de 17 de febreiro de 2023, relativa ao día 8 de marzo, día da muller, e ao que dá lectura a voceira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes:

«O Grupo Municipal dos Socialistas de Culleredo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende que no ano 2004 se aprobou o primeiro decreto que regula os Centros de Información á Muller en Galicia, foi moita e moi importante a labor que veñen facendo as e os profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas. Pero sendo exemplar a labor deste servizo presenta eivas, ou cando menos, varios aspectos susceptibles de mellora.

Isto non so o dicimos dende o PSdeG-PSOE, para avalar moitas das cuestións que vamos a expoñer baseámonos nun informe e un análise global da FEGAMP, onde se recollen moitas das eivas e necesidades de mellora dos CIM. Para a realización deste informe a FEGAMP remitiu un cuestionario ás distintas entidades locais e tamén tivo en conta suxestións trasladadas pola Asociación de Profesionais dos CIM (ASOCIM).

Un dos principais déficits que teñen os Centros de Información á Muller son a falta de recursos, principalmente de recursos humanos, moitos dos nosos CIM teñen unha /ran sobrecarga de traballo, que ao noso modo de ver deriva de varias cuestións.

Non hai un criterio rigoroso que estableza o número e tipoloxía de profesionais que ten que haber nun CIM, atendendo ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe atender ese CIM, por exemplo. O que implica que moitos CIM estean colapsados. O establecemento ou apertura dun CIM non responde a criterios de distribución estratéxica, en función da demanda ou da poboación, senón que depende da vontade e principalmente da capacidade dos concellos. Cómpre unha estratexia que estableza criterios de localización e prestación de servizos, tendo en conta factores como a xeografía, a densidade de poboación e as características

sociodemográficas para que todas as mulleres galegas teñan garantido o acceso a un CIM.

A Xunta de Galicia subvencionou no ano 2022 un total de 84 CIM, deles 51 están conformados por un so concello e 33 son de agrupacións de concellos ou mancomunidades de municipios. Tendo en conta os concellos que se engloban dentro destes últimos, en Galicia a día de hoxe hai 193 concellos que dun ou doutro xeito contan cos servizos dun Centro de Información á Muller, resultando así que só 193 concellos dos 313 que existen contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito, as mulleres de case o 40 % do territorio galego (120 concellos) non dispoñen deste recurso, son tratadas coma mulleres de segunda.

En moitos casos, aínda nos concellos integrados en algún dos CIM de agrupacións de concellos ou mancomunidades de municipios, a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa tendo en conta a dispersión xeográfica do noso territorio, o precario do transporte público interurbano en Galicia, e nomeadamente nas zonas rurais. Parécenos intolerable que se lles faga desprazar ás mulleres galegas, que en moito casos son vítimas de violencia de xénero, que en moitos casos son mulleres sen recursos, cando existe contemplada no Decreto 130/2016 a posibilidade de que sexa o persoal dos CIM quen se desprace ás súas localidades de residencia no caso dos CIM mancomunados ou de agrupación de concellos. Pero para iso volvemos a atoparnos co mesmo problema, a sobrecarga de traballo dos CIM, para o cal estamos aportando tamén propostas e solucións.

Queremos incidir tamén nun feito recorrente da administración autonómica cara a administración local, que é a descarga do peso económico do mantemento dos servizos sobre a administración máis próxima á cidadanía, os concellos, que non necesariamente é sinónimo de que sexa a administración con máis recursos económicos para facerlle fronte o sostemento de moitos servizos e, en particular, do que nos ocupa, os CIM.

É necesario establecer unha ratio do persoal necesario por número de mulleres a ser atendidas, e tamén un reparto económico dos fondos que a Xunta de Galicia destina aos diferentes CIM fixado con criterios rigorosos, pois do contrario produciríase a situación actual, algúns CIM están totalmente desbordados porque para nada existe un criterio obxectivo que estableza o persoal técnico necesario para atender a un determinado número de mulleres.

Segundo datos extraídos da RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 7 de marzo de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e procédese á súa convocatoria para o ano 2022, ao longo do noso territorio prodúcese disparidade de situacións no relativo á dotación de persoal, así como ao aporte económico que os CIM reciben por parte da Xunta de Galicia. Como por exemplo que o CIM dun concello da provincia de Ourense, onde segundo o INE residían 948 mulleres no ano 2021, reciba unha subvención da Secretaría Xeral de Igualdade de 45.000 € (o 75% do custe de persoal) fronte a un CIM dunha das grandes cidades galegas, que percibe a mesma cantidade, pero sen embargo supón o 30% do custe de persoal do seu CIM, residindo nese municipio 19.546 mulleres, ou que o CIM dunha vila media da provincia de Pontevedra, que aglutina a atención

a 12.626 mulleres reciba 85.000 €, que vén a subvencionar o custe de persoal dese CIM nun 90%.

É necesaria unha reforma da normativa que regula os CIM para que se fixen cando menos ratios de profesionais en función da poboación e demanda recibida para ofrecer unha asistencia de calidade e adecuar o sistema de financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM.

Por outra banda, aos CIM asignáronselle tarefas que nada teñen que ver coa información á muller, lembremos que no DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento se define os CIM como "aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes."

Nese mesmo Decreto, a pesar de que se definen deste xeito os CIM, atribúenselle novas responsabilidades ás/aos profesionais: o servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e as súas familias e persoas achegadas. Unha función que debera ser vinculada a servizos ad hoc coa fin de prestar atención de calidade a un colectivo efectivamente marxinado e necesitado de políticas propias por parte do Goberno galego. Máis tendo en conta que xa eran moitas e moi diversas as funcións asignadas aos CIM vinculadas exclusivamente co seu obxecto orixinal, a consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, véxanse as seguintes:

- a) Asesoramento xurídico e atención psicolóxica a mulleres.
- b) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
- c) Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
- d) Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e, se é o caso, área de influencia.
- e) Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- f) Funcionamento como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade.
- g) Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade entre mulleres e homes.

i) Actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.

j) Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación e traslado destas aos órganos competentes.

k) Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.

l) Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.

m) Colaboración e coordinación con outras administracións públicas que poida redundar na mellora da atención ás persoas usuarias.

n) Impulso para a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

o) Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade, sobre todo nos ámbitos laboral e social.

Por iso, no grupo socialista cremos necesario iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos Centros de Información ás Mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións.

Síntoma de que a carga de traballo do persoal dos CIM era xa moita cando se aprobou este decreto, foi que acertadamente estableceron como prioritaria a labor de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero. O problema é que debido a esta sobrecarga e falta de recursos humanos dos CIM, está implicando que esta labor non é a prioritaria dos CIM, é practicamente a única, non tendo máis remedio que deixar de lado outras funcións importantísimas na consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, e reducindo o traballo do persoal practicamente a unha labor asistencial e de información ás vítimas de violencia de xénero, así como a labores administrativas vinculadas con estas tarefas.

Entre as moitas tarefas que dende os CIM teñen que deixar de realizar por resultar inasumibles están as seguintes: a difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes; a realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade entre mulleres e homes; actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local ou o fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en

todos os ámbitos. Moitas destas tarefas poderían ser desenvolvidas por unha figura imprescindible e escasamente presente nos CIM, a da/do axente de igualdade.

Por outra banda, gran parte do traballo que realizan as técnicas/os dos CIM é administrativa, o propio Decreto 130/2016 contempla no seu artigo 10.2 a posibilidade de os CIM conten con persoal de apoio ou persoal administrativo que se considere conveniente, e polo que se extrae do informe realizado pola FEGAMP este persoal é máis que conveniente, imprescindible e moi necesario, pero a cuestión é como financeiro.

Tamén nos encontramos con que no ámbito das actuacións para promover a igualdade entre mulleres e homes, en ocasións, non hai a suficiente e necesaria especialización, polo que entendemos que ademais da importante formación continua que se está poñendo a disposición do persoal dos CIM, é necesario esixir un maior número de horas de formación á hora de seleccionar o persoal técnico dos CIM.

Todo o anterior é produto dunha normativa laxa nalgunha esixencia e moi estrita noutras, de maneira que estes centros adolecen dunha estrutura obrigada eficaz que responda ás necesidades de todas as mulleres galegas, sen que existan diferenzas en función do territorio.

Por iso faise necesario elaborar unha estratexia, tal e como manifesta a propia FEGAMP, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

MOCIÓN

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Culleredo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1. Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.*
- 2. Acordar coa FEGAMP o incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Xunta de Galicia destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento, adecuando así o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, permitíndolle este incremento orzamentario realizar a contratación do persoal que se precisa para prestar un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.*
- 3. Modificar o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:*

a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.

b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, a demanda recibida e as actividades que acredite que se realizan.

c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.

d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 kms do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.

4. Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberan ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBI.

5. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu, entende que o Partido Socialista trae unha moción que parece que intenta criticar a xestión da Xunta de Galicia cando hai que ter claro que os CIMs son municipais, sendo a Xunta a que financia parte do persoal cuxa contratación é competencia de cada Concello. É unha cuestión de vontade política que cada entidade local reforce a RPT con administrativos ou co persoal necesario para prestar o servizo neses centros. Destacar que son os propios concellos os que deciden, na súa acción política e de xestión, que áreas queren apoiar economicamente con recursos humanos ou materiais: Culleredo ten un CIM e que, para valorar o funcionamento de dito CIM e o compromiso que o goberno municipal ten coas mulleres, hai que saber a cantas persoas se atendeu directamente desde que o goberno municipal conta con maioría absoluta no Concello de Culleredo, cantas persoas foron desviadas a outros CIMs e cantas foron atendidas polos servizos sociais do Consorcio As Mariñas, que non é xente especializada nos casos que acuden ao CIM, e desde cando o Consorcio xa non atende ás mulleres que chegan pedindo axuda ao CIM. Pregunta, tamén, por que Culleredo ten o CIM en precario e, se ten que estar aberto dez horas presenciais, por qué non se cubren nin se dispón de persoal con formación especializada, qué horario está facendo o CIM de Culleredo, cales son os días de atención e, se o recurso vinculado que ten asociado o CIM é a vivenda tutelada, por que está pechada. Considera que a moción que se presenta é unha declaración de boas intencións e que a xestión que o goberno municipal fixo do CIM en Culleredo foi pésima polo que non a van apoiar.

O Sr. Alcalde-presidente responde que neste asunto do que se trata é de que quen ten que legislar para poder mellorar a situación dos Centros de Información á Muller. É a Xunta de Galicia quen ten a competencia e que transmite aos diferentes concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. A Xunta financia parcialmente os CIMs e considera que o financiamento que dá non é o adecuado. Traese a moción ao pleno para ter máis opcións á hora de mellorar un servizo que consideran de vital importancia. Sen entrar no debate sobre as competencias de cada organismo en servizos sociais, deberían ser financiados practicamente ao 100% por quen ten a competencia que é a Xunta de Galicia. A moción que se presenta está elaborada para o ámbito galego, está consensuada coa maioría de traballadoras e traballadores dos CIMs e coa propia FEGAMP, na que non só esta o Partido Socialista senón que están todos os partidos con representación nos diferentes concellos de Galicia, e hai consenso na necesidade de mellorar ditos centros.

A Sra. García Gorostizu, voceira do grupo municipal do PP, lle di ao Sr. alcalde que fala con grande elocuencia pero que en realidade non di nada sobre cal é o compromiso do equipo de goberno co CIM de Culleredo. Pregunta se está a funcionar e se o Sr. alcalde fixo algunha xestión para axudar ás mulleres que queren ir a ese CIM e se o piso tutelado está aberto. As palabras do Sr. alcalde volven a ser, unha vez máis, palabrería e nada máis. Pregunta se hai asesoría xurídica. Non hai persoal especializado como di o goberno municipal e pregunta polo compromiso do equipo de goberno co CIM.

O Sr. alcalde di que este é un tema demasiado serio como para que a Sra. García Gorostizu fale nun tono tan jocoso e que el vai contestar con datos estadísticos e di que o CIM está aberto e hai unha profesional. A moción está consensuada co Consorcio As Mariñas. Se sabe cal é o compromiso do Partido Popular e que o do seu Grupo xa se vai ver na votación.

Sometido o asunto a votación, con dezaioito (18) votos a favor, dos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE (12), BNG (3) e AA.VV. (3), e tres (3) votos en contra, dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno Municipal acorda:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.
2. Acordar coa FEGAMP o incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Xunta de Galicia destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento, adecuando así o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, permitíndolle este incremento orzamentario realizar a contratación do persoal que se precisa para prestar un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.
3. Modificar o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:

a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.

b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, a demanda recibida e as actividades que acredite que se realizan.

c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.

d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 kms do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.

4. Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberan ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBI.

5. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres.

2.- CONTROL E SEGUIMIENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

2.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS; DACIÓN DE CONTA.

2.1.1.- Resolucións da Alcaldía e Concellerías delegadas:

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes: núm. 44/2023, do 19 de xaneiro de 2023, á núm. 229/2023, do 16 de febreiro de 2023, todas elas incluídas, e que son as seguintes:

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
44/2023	19/01/2023	Convocatoria Xunta de Voceiros 20/01/2023	USG17I00CY
45/2023	19/01/2023	Resolución corrección de erros da resolución numero 2528/22 de Dona M.C.T.	UBS17I000N
46/2023	19/01/2023	Resolución de acceso a Izaskun García Gorostizu a solicitudes motivadas presentadas ante a Diputación para a	UAL17I0011

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		prorroga de obras de POS 2018, 2019, 2020 e 2021. Listado inversións pendentes de executar incluídas no POS 2019, POS 2020 e POS 2021. Aclaración de por qué as solicitudes de prorrogas á Diputación non están nos expedientes das obras correspondentes	
47/2023	19/01/2023	Autorización, a favor de Izaskun García Gorostizu, de acceso a listado de reparos suspensivos de 2020 e 2021 e os motivos remitidos ó Consello de Contas	UAL17I0007
48/2023	19/01/2023	Resolución de Acceso a D. Enrique Antón Chouciño Garrido a documentación recibida por rexistro con número 2022/3608	UAL17I0012
49/2023	19/01/2023	Autorización de acceso a Izaskun García Gorostizu, voceira do PP de Culleredo das seguintes resolucións: 1741/2022-documento UIT16I00PV 1742/2022-documento UIT16I00PU 1747/2022-documento UIT16I00PT 1750/2022-documento UIT16I00PC 1769/2022-documento USC16I01QA 1773/2022-documento UME16I033M 1789/2022-documento UEH16I009A 1799/2022-documento UPO16I001T8 1804/2022-documento USC16I01RD 1818/2022-documento UIT16I00RN 1819/2022-documento USC16I01RS 1840/2022-documento USC16I01S5 1847/2022-documento UIT16I00RI 1848/2022-documento UIT16I00PI 1849/2022-documento UIT16I00Q6 1854/2022-documento UME16I03E3 1905/2022-documento UIT16I00V	UAL17I000E
50/2023	19/01/2023	REXISTRO MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS. SUBVENCIÓNS ANO 2022 (1º, 2º, 3º E 4º TRIMESTRE 2022)	USG17I00CC
51/2023	19/01/2023	Suplencia alcalde o día 20-01-2023 desde as 12.00 horas ata as 15.00 horas	USG17I00DH
52/2023	19/01/2023	Expediente SCOVID/CULLEREDO/0295 (archivo)	USC17I0026
53/2023	19/01/2023	Convocatoria Xunta de Goberno Local 23/01/2023	USG17I00DJ
54/2023	19/01/2023	Autorización de venda ambulante a BMM, no feirón do Concello de Culleredo	DLO17I000J
55/2023	19/01/2023	Corrección erro resolución nº 50 de 19-01-2023	USG17I00E3
56/2023	19/01/2023	RETENCIONS E INGRESOS A CONTA IRPF (MOD 111) RENDEMENTOS TRABAJO+ACTIV ECONOMICAS MES	UIT17I001W

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		DECEMBRO/22	
57/2023	19/01/2023	RETENCIONS E INGRESOS A CONTA IRPF ALUGUERES (MOD 115) PERIODO 4T22	UIT17I001X
58/2023	19/01/2023	LIQUIDACION IVE (MOD 330) PERIODO 4T22	UIT17I001Y
59/2023	20/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO a L. M. S.	UBS17I001F
60/2023	20/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN PEEIS a M.E. R. S.	UBS17I002Q
61/2023	20/01/2023	RESOLUCIÓN CONFORMIDADE E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE PONTEDEUME EN MATERIA DE PERSOAL	UPO17I0048
62/2023	23/01/2023	EIR incorporación de remanentes 2022 a 2023	UEH17I000R
63/2023	23/01/2023	DESIGNACIÓN DIRECTOR DA OBRA REFORMA DE PLAZA DE GALICIA Y SU ENTORNO	UCP17I003R
64/2023	23/01/2023	Convocatoria Pleno 26/01/2023	USG17I00C9
65/2023	23/01/2023	RESOLUCIÓN CORRECCIÓN ERRO RESOLUCIÓN 2413 de O. N. E.	UBS16I0308
66/2023	23/01/2023	Resolución concesión axuda no fogar de A.S.V. e D. P. C.	UBS17I0010
67/2023	23/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN AMPLIACIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR de M. C. B. G. e C. L. N	UBS17I0017
68/2023	23/01/2023	Resolución concesión axuda no fogar de A. B. F. e J. A. L. B.	UBS17I001C
69/2023	23/01/2023	RESOLUCIÓN ACEPTACIÓN DESESTIMIENTO AXUDA FOGAR, CONCESIÓN XANTAR e DENEGACIÓN TD a M. E. B. S. B.	UBS17I001J
70/2023	23/01/2023	DESIGNACIÓN DIRECTOR DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA CUBIERTA PISTA POLIDEPORTIVA DE LEDOÑO-CULLEREDO	UCP17I003W
71/2023	23/01/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO DE DEPORTES 2023(PROGRAMA FO106/2023)	UDP17I000G
72/2023	23/01/2023	Designación de director da obra: Urbanización da rúa Visitación de la Encina, R/. Poeta Luz Pozo, Avda. de Ribados e R/. Gumersindo Pereira Nouche	UCP17I003Y
73/2023	23/01/2023	Designación de director da obra e coordinador de seguridade e saúde da obra Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira	UCP17I003X
74/2023	23/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN AXUDA NO FOGAR a M. F. V. e M. M. R. F.	UBS17I002Y
75/2023	23/01/2023	RESOLUCIÓN ACEPTACIÓN DESESTIMIENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR de E. V. A	UBS17I0031

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
76/2023	24/01/2023	RESOLUCION DE CONCESION DE LICENZA DE OCUPACION DE VÍA PUBLICA PARA A TERRAZA DA CERVECERIA LA CORVEIRA, SITUADA NA RUA AMPARO LOPEZ JEAN, 27 BAIXO (RUTIS)	UME17I0063
77/2023	24/01/2023	RESOLUCION APROBACION TAXA AUGAS DE GALICIA	UIT17I002B
78/2023	24/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA a M. C. G. H.	UBS17I003P
79/2023	24/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO a J. R. F. E.	UBS17I004E
80/2023	25/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO a J.S.P.	UBS17I0054
81/2023	26/01/2023	Decreto sanciones Tráfico (Inicio) AI 99500000027915 (Expedientes 279/2023 y otros)	USC17I002V
82/2023	26/01/2023	Decreto Resolución sancioes Tráfico DR 21731/2022 (estimación alegaciones)	USC17I002W
83/2023	26/01/2023	APROBACION PADRON NUM. 747 CMUS NOVENBRO 2022	UIT17I002D
84/2023	26/01/2023	APROBACION PADRONS NUM. 701, 702, 704 e 705 SAF NOVENBRO E DECEMBRO 2021	UIT17I002C
85/2023	26/01/2023	SOLICITUD SUBVENCIÓN MANTEMENTO NORMALIZACIÓN LINGUISTICA 2023	UCU17I0012
86/2023	27/01/2023	Convocatoria Xunta de Goberno Local 30/01/2023	USG17I00JL
87/2023	27/01/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR e TELEASISTENCIA DOMICILIARIA a E. D. D.	UBS17I002P
88/2023	27/01/2023	corrección erros da Resolución nº 2504/2022, código documento:UPO16I02G3	UPO17I005B
89/2023	27/01/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/4 EMALCSA	UIT17I002R
90/2023	27/01/2023	Resolución renovación permiso municipal de condutor licenza de taxi núm. 15	UME17I009C
91/2023	30/01/2023	RESOLUCION POLA QUE SE ACORDA DAR DE BAIXA O ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS CO NUMERO 104.	UME17I00AS
92/2023	30/01/2023	RESOLUCION POLA QUE SE ACORDA DAR DE BAIXA O ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS CO NUMERO 106.	UME17I00AT
93/2023	30/01/2023	Convocatoria Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural 02/02/2023	USG17I00KQ

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
94/2023	30/01/2023	Adxudicación do servizo de soporte a usuarios da infraestrutura hardware e software	UCP17I0051
95/2023	30/01/2023	RELACION APROBACION DE FACTURAS F/2023/3 REPARO MEDIO AMBIENTE	UIT17I0031
96/2023	30/01/2023	EIR incorporación de remanentes 2022 a 2023 (personal oficina turismo)	UEH17I000V
97/2023	30/01/2023	2023- NOMINAS E SEGURIDADE SOCIAL xaneiro 2023	UPO17I005T
98/2023	31/01/2023	RESOLUCIÓN AUTORIZACION DE OCUPACION DE DOMINIO PUBLICO PARA EXECUTAR UNHA CANALIZACIÓN DE 58 M DE GABIA CON 3 TUBOS DE 63 MM. NA RÚA TELVA.	UME17I00BF
99/2023	31/01/2023	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DIPUTACIÓN CONSERVATORIO	UCU17I001A
100/2023	31/01/2023	Resolución aprobando a devolución de cantidade ingresada en concepto de plusvalía	URE16I0118
101/2023	31/01/2023	2022- NOMINAS E SEGURIDADE SOCIAL	UPO17I005Z
102/2023	01/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/14 REPARO MEDIO AMBIENTE GESTAGUA CONSUMO	UIT17I003E
103/2023	01/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/7 ENDESA	UIT17I003C
104/2023	01/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/9	UIT17I003D
105/2023	01/02/2023	resolución desestimatoria da reclamación de MFC derivada de danos no vehículo tras chuvias torrenciais o 30 de xuño de 2018	UAJ17I0028
106/2023	01/02/2023	resolución pago franquía responsabilidade patrimonial axa	UAJ17I002G
107/2023	01/02/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN AMPLIACIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR a M.C. S.	UBS17I004T
108/2023	01/02/2023	Decreto Sanciones Tráfico (Inicio AI 99500000027949) (Expedientes 26527/2022 y otros)	USC17I003K
109/2023	01/02/2023	Corrección erros en resolución nº 62/2023 de incorporación de remanentes 2022 a 2023	UCP17I0054
110/2023	02/02/2023	Concesión a ,D. A.Q.G e Dª M.A.G.R., da licenza para a ampliación da vivenda situada na rúa Agra de Naveiras (ref. catastral: 8815904NH4981N0001SL) parroquia de Sésamo	UAU17I005U
111/2023	02/02/2023	RESOLUCIÓN CONCESIÓN RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO a A. M. D. U. P.	UBS17I006W
112/2023	02/02/2023	RESOLUCIÓN DEÑEGACIÓN TELEASISTENCIA DOMICILIARIA POR EXCEDER O IPREM a M. S. D.	UBS17I006Z
113/2023	02/02/2023	Concesión a D. M.A.V.M., da licenza para a agrupación de 2 parcelas e segregación da resultante en 6 parcelas situadas no Lugar de Fornos, parroquia de Celas.	UAU17I005X

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
114/2023	02/02/2023	Concesión licenza de primeira ocupación a ,Dª A.M.P.P., para unha vivenda unifamiliar na rúa Cangas (ref. catastral: 15031A040001200000Z) parroquia de Sésamo e devolución fianza.	UAU17I006B
115/2023	02/02/2023	Autorizando a Dª. N.B.A., o cambio de titularidade da licenza que se lle concedeu a Roterterm S.L. para a construción d'una vivenda na rúa Juana Capdevielle, parroquia de Orro.	UAU17I005P
116/2023	02/02/2023	RESOLUCION POLA QUE SE ACORDA OUTORGAR A LICENZA MUNICIPAL PARA A POSESION DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS NUMERO 181 A DONA M.L.V.V.	UME17I00CX
117/2023	02/02/2023	RESOLUCIÓN ALTA COMO CONDUCTOR ASALARIADO NA LICENZA DE TAXI NUM. 11 A F.J.G.V.	UME17I00D5
118/2023	02/02/2023	RESOLUCION POLA QUE SE ACORDA OUTORGAR A LICENZA MUNICIPAL PARA A POSESION DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS NUMERO 182 A DON Y.R.D.	UME17I00D8
119/2023	03/02/2023	Convocatoria Xunta de Goberno Local 06/02/2023	USG17I00NS
120/2023	03/02/2023	resolución corrección erros pago franquía responsabilidade patrimonial axa	UAJ17I003M
121/2023	03/02/2023	RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO PLAN DE S. E S., OBRA CENTRO RURAL DIN. MAYORES EN CELAS.	UME17I00DZ
122/2023	03/02/2023	RESOLUCIÓN APROBACIÓN PLAN DE S. E S. OBRA REFORMA PRAZA GALICIA E SEU ENTORNO.	UME17I00E5
123/2023	03/02/2023	Resolución aprobando a devolución de cantidade ingresada en concepto de plusvalía	URE16I01IX
124/2023	03/02/2023	Complementación convocatoria Xunta de Goberno Local XGL 06-02-2023	USG17I00O6
125/2023	03/02/2023	corrección erros resolucoón nº88, código documento UPOI006T	UPO17I006T
126/2023	03/02/2023	RESOLUCIÓN PAGO FRANQUÍA	UAJ17I003R
127/2023	03/02/2023	Resolución nomeamento membro da Xunta de Goberno Local	USG17I00O5
128/2023	03/02/2023	Concesión licenza a Metales y Muebles Espaciales S.L, para a primeira ocupación da nave situada na rúa J, do Parque Empresarial de Alvedro (ref. catastral:1341117NH5914S0001SH) parroquia de Almeiras, e devolución aval.	UAU17I0061
129/2023	03/02/2023	Modificación da delegación de competencias en Jéssica Méndez Sánchez e delegación de competencias en Cristina Pardo Portos	USG17I00NR

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
130/2023	06/02/2023	Concesión de licenza a D ^a M.A.M.G., para a primeira ocupación dunha vivenda situada na rúa Seara (ref. catastral: 9865905NH4996S0001WQ), parroquia de Rutis.	UAU17I007Y
131/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION TASA TRANSPORTE METROPOLITANO	UIT17I0047
132/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/15 ALUGUER VEHICULO	UIT17I0048
133/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/5 REPARO DEPORTES	UIT17I0049
134/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/6 REPARO CULTURA	UIT17I004A
135/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/8 REPARO PARTICIPACION CIUDADANA	UIT17I004B
136/2023	06/02/2023	RELACION APROBACION DE FACTURAS F/2023/10 REPARO POLICIA	UIT17I004C
137/2023	06/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/13 REPARO PROTECCION CIVIL	UIT17I004D
138/2023	06/02/2023	RESOLUCIÓN APROBACIÓN PLAN DE S. E S.'URBANIZACIÓN R/. VISITACIÓN DE LA E, R/. POETA LUZ POZO, AVDA. RIBADOS E R/. GUMERSINDO P. N.	UME17I00EL
139/2023	06/02/2023	Resolución denegación das axudas económicas a nome de N.P.S.	UBS17I009W
140/2023	06/02/2023	Concesión a D. H.M.N.P., da licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada na rúa Jose Ramallo, parroquia de Culleredo, e devolución fianza.	UAU17I008M
141/2023	06/02/2023	Concesión a, D. P.D.D, da licenza de primeira ocupación da vivenda situada na rúa Seara (ref. catastral:15031A024001040000OA), parroquia de Culleredo, e devolución aval.	UAU17I008P
142/2023	06/02/2023	resolución do recoñecemento do permiso por parto e o permiso do proxenitor diferente á nai biolóxica por nacemento	UPO17I0076
143/2023	06/02/2023	Concesión a D. V.P.G., da licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada no Lugar Os Condes , parroquia de sueiro, e devolución aval.	UAU17I008T
144/2023	06/02/2023	Concesión licenza a D. A.G.Q., para a primeira ocupación dunha vivenda situada no lugar de Celas (ref. catastral: 15031A065000910000OH), parroquia de Celas, e devolución fianza.	UAU17I008Y
145/2023	06/02/2023	Concesión licenza a D ^a . I.F.R., para a primeira ocupación da vivenda situada na rúa Penaloureira (ref. catastral:)	UAU17I0092

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		parroquia de Rutis e devolución fianza.	
146/2023	07/02/2023	Concesión licenza a D. C.H.F.C, para a primeira ocupación da vivenda situada na avda. de Almeiras (ref. catastral: 1757604NH5915N0001ZW) parroquia de Almeiras.	UAU17I009X
147/2023	07/02/2023	Concesión licenza a D. V.Z.F e f., para a primeira ocupación da vivenda situada no lugar de Peiro de Arriba , parroquia de Celas.	UAU17I009Y
148/2023	07/02/2023	Convocatoria Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil 07/02/2023	USG17I00OS
149/2023	07/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/2 REPARO CONSERVATORIO	UIT17I004K
150/2023	07/02/2023	Suplencia alcalde o día 07-02-2023 desde as 12.00 horas ata as 15.00 horas	USG17I00P8
151/2023	07/02/2023	Resolución nomeamento cambio composición tribunal do proceso selectivo de enxeñeiro_a industrial.	UPO17I0077
152/2023	07/02/2023	Convocatoria Xunta de Voceiros 07/02/2023	USG17I00PR
153/2023	07/02/2023	Concesión a Dª T.O.S., licenza para a primeira ocupación dunha vivenda situada no lugar de Rumbo (ref. catastral: 8503206NH4980S0000EO) Celas	UAU17I00A5
154/2023	07/02/2023	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DIPUTACIÓN ANIMADOR SOCIOCULTURAL	UCU17I001M
155/2023	07/02/2023	Convocatoria Pleno 10/02/2023	USG17I00Q7
156/2023	07/02/2023	RESOLUCION MOVEMENTO PADRON HABITANTES XANEIRO 2023	URP17I03EC
157/2023	07/02/2023	RESOLUCION MOVEMENTOS PADRON HABITANTES MES DE DECEMBRO 2022	URP17I03ED
158/2023	07/02/2023	RESOLUCION MOVEMENTOS PADRON HABITANTES NOVIEMBRE 2022	URP17I03OD
159/2023	07/02/2023	NOTIFICACION CADUCIDADE EXTRANXEIROS NON COMUNITARIOS.EXPEDIENTE 2021/1650	URP17I03TI
160/2023	07/02/2023	BAIXA POR CADUCIDADE EXTRANJEROS NON COMUNITARIOS, EXPEDIENTE 2020/1725	URP17I03LU
161/2023	07/02/2023	BAIXAS POR CADUCIDADE EXPEDIENTE 2022/1003	URP17I03LO
162/2023	07/02/2023	EXPEDIENTE BAIXAS CADUCICADE EXPEDIENTE 2022/1033	URP17I03L2
163/2023	07/02/2023	COMUNIDA ERRO 111, RENOVACION NON COMUNITARIOS.EXPEDIENTE 2022/198	URP17I03KS
164/2023	07/02/2023	EXPEDIENTE BAIXA POR CADUCIDADE ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS,EXTE. URP/2021/1742	URP17I03I5

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
165/2023	07/02/2023	EXPEDIENTE BAIXA POR CADUCIDADE EXPEDIENTE 2022/1285	URP17I03HY
166/2023	07/02/2023	BAIXA POR CADUCIDADE EXPEDIENTE 2022/849	URP17I03I2
167/2023	07/02/2023	Correxindo o erro detectado na resolución 143 da concelleira delegada de Urbanismo de data 06.02.2022, no número de operación do aval e onde di número de operación 201200002456 debe dicir 3201200000010.	UAU17I00AC
168/2023	07/02/2023	Correxindo o erro detectado na resolución 114 da concelleira delegada de Urbanismo de data 02.02.2022, no número de operación do aval e onde di número de operación 320200000012 debe dicir 320200000013.	UAU17I00AE
169/2023	08/02/2023	Resolucion levantamento reparo nomeamento conserxe-colexio ria do burgo.	UPO17I007O
170/2023	08/02/2023	Concesión licenza á Comunidade de Propietarios rúa Hersa núm 6 para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Hersa (ref. catastral:1462802NH5816S) O Burgo	UAU17I00AP
171/2023	08/02/2023	Concesión a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da licenza para a reparación da estrutura da cuberta e renovación do material de cuberta da capela e da bibiliteca do IES Universiade Laboral, sita na rúa Salvador Allende (ref. catastral:0563911NH5906N) parroquia de Rutis.	UAU17I00AQ
172/2023	08/02/2023	RESOLUCIÓN AMPLIACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR de J. B. D. C.	UBS17I00AC
173/2023	08/02/2023	RESOLUCION APROBACION DE FACTURAS F/2023/12 REPARO PERSOAL	UIT17I004V
174/2023	08/02/2023	Decreto Sanciones Tráfico (Inicio AI 99500000028031) (Expedientes 1121/2023 y otros)	USC17I004A
175/2023	09/02/2023	DENEGAR a Dona M.R.M.L.as axudas para gastos derivados das necesidades básicas de aluguer por ser os ingresos superiores ao límite establecido no Regulamento de PEEIS, art 10.	UBS17I009Z
176/2023	09/02/2023	DENEGAR a Dona A. C. E. unha axuda para gastos derivados das necesidades básicas por no ser posible xustificar todos os cambios documentalmente, segundo o Art.21.d do Regulamento das PEEIS	UBS17I00A0
177/2023	09/02/2023	Resolución (terminación por pago) COVID 0285	USC17I004N
178/2023	09/02/2023	Concesión a D. L.V.P., da licenza de primeira ocupación da vivenda situada en rúa Tierno Galván (ref. catastral:1065801NH5916S0002GT) O Burgo	UAU17I00BZ
179/2023	09/02/2023	Resolución corrección erros da resolución nº 67 de M.C.B. e C. L. N.	UBS17I00B6

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
180/2023	09/02/2023	RESOLUCIÓN CORRECCION ERROS RESOLUCIÓN Nº 66 de A.S.V. e D. P. C.	UBS17I00AG
181/2023	09/02/2023	RESOLUCIÓN DENEGACIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO a M.C.L.S.	UBS17I00BH
182/2023	09/02/2023	autorización de acceso a IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU, VOCEIRA DO PP Culleredo a facturas F/2022/1971 de IAM RUMBO y el documento FE22 52 de un arreglo en el campo de futbol de Os Loureiros F/2022/2882 de XALO en el colegio VILA DE RUTIS F/2020/3341; F/2020/3842; F/2020/4153; F/2020/4833 F/2022/4832 F/2022/4211 F/2022/3512 F/2022/4210 F/2022/1173 F/2022/643	UAL17I003H
183/2023	09/02/2023	Expediente SCOVID/CULLEREDO/0299 (archivo)	USC17I004R
184/2023	09/02/2023	baixa por incompatibilidade A.G. N.	UBS16I03HI
185/2023	09/02/2023	resolución baixa sad n. v. g.	UBS16I03HN
186/2023	09/02/2023	Convocatoria Xunta de Gobierno Local 13/02/2023	USG17I00SW
187/2023	09/02/2023	Expediente SCOVID/CULLEREDO/0300 (archivo)	USC17I004S
188/2023	09/02/2023	Expediente SCOVID/CULLEREDO/0302 (archivo)	USC17I004T
189/2023	09/02/2023	Expediente SCOVID/CULLEREDO/0303 (archivo)	USC17I004U
190/2023	09/02/2023	resolución acumulando dous expedientes de reclamacións de responsabilidade patrimonial incoadas polos mesmos feitos, expdientes uaj.2019.47 e uaj.2019.48	UAJ17I005J
191/2023	09/02/2023	inadmisión reclamación por ser competencia do Consorcio As Mariñas. DANOS NO VEHICULO POR CONTENEDOR MAL ANCLADO	UAJ17I005L
192/2023	09/02/2023	resolución recoñecemento de realización actividade con dereito a indemnización (máster)	UPO17I0031
193/2023	09/02/2023	Resolución propuesta nombramiento JDR (movilidad)	USC17I004I
194/2023	10/02/2023	Concesión a D.J.D.R, da licencia de primeira ocupación da nave industrial situada na rúa James Watt (ref. catastral:7813205NH4971S) Ledoño	UAU17I00CH
195/2023	10/02/2023	Concesión a D.A.S.M., da licenza de primeira ocupación da vivenda situada no Lugar de Boedo ref. catastral:	UAU17I00CE

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		4698107NH4849N0001DL) parroquia de Veiga.	
196/2023	10/02/2023	Concesión a D.A.A.M.C., da licenza de primeira ocupación dunha vivenda situada no lugar de Ledoño (ref. catastral:7404526NH4970N0001RZ) , parroquia de Ledoño	UAU17I00CJ
197/2023	10/02/2023	Resolución nomeamento tenentes de alcalde	USG17I00SH
198/2023	10/02/2023	RESOLUCION APROBACION CUOTA 2023 EIXO ATLANTICO	UIT17I005E
199/2023	10/02/2023	Resolución aprobación convocatoria e bases concurso ordinario posto secretaria/o xeral	UPO17I007M
200/2023	10/02/2023	PAGO RETENCIONS NOMINA DECEMBRO22 XANEIRO23 (MUFACE+DEREITOS PASIVOS+RETENC XUDICIAIS+EMBARGOS)	UIT17I005B
201/2023	13/02/2023	RESOLUCION REQUIRIMENTO DE RETIRADA DA VIA PÚBLICA AO PROPIETARIO DO VEHICULO ABANDONADO SEAT CORDOBA CON MATRICULA 0475BRB NA RÚA XAFONTES (RUTIS)	UME17I00JB
202/2023	13/02/2023	Concesión a D. R.B.G., da licenza de primeira ocupación da vivenda situada na rúa Río Xares (ref. catastral: 8364201NH4986S0001YB) parroquia de Rutis	UAU17I00DB
203/2023	13/02/2023	Concesión a D.E.M.V.M da licenza de primeira ocupación da vivenda situada na rúa Cornedo (ref. catastral: 15031A040003820000OA), parroquia de Sésamo.	UAU17I00DI
204/2023	13/02/2023	RESOLUCIÓN REQUIRIMENTO AO PROPIETARIO DE RETIRADA DA VIA PÚBLICA DO VEHICULO ABANDONADO VOLKSWAGEN POLO CON MATRICULA 1823GHW NA RÚA GÓMEZ PÉREZ DAS MARIÑAS/RÚA ALEJANDRO PÉREZ LUGÍN (RUTIS)	UME17I00JI
205/2023	13/02/2023	RESOLUCION REQUIRIMENTO AO PROPIETARIO DE RETIRADA DA VIA PUBLICA DO VEHICULO ABANDONADO OPEL ASTRA CON MATRICULA C1629BU NA RÚA ENRIQUE REGUEIRA "CANDUCHO", NÚM. 4 (RUTIS)	UME17I00JK
206/2023	13/02/2023	RESOLUCION REQUIRIMENTO AO PROPIETARIO DE RETIRADA DA VIA PUBLICA DO VEHICULO ABANDONADO PEUGEOT EXPERT PREMIUM 56 CON PLACAS DE MATRICULA 7885 DPD NA AVDA. DE VILABOA (AC-213, PK. 2)	UME17I00JQ
207/2023	13/02/2023	Desestimar a instalación da carpa no feirón de Vilaboa, nos meses de febreiro, marzo, abril e maio, a D. JJSI, por non coincidir co obxecto do feirón municipal que é a venda ambulante esporádica.	DLO17I001D
208/2023	14/02/2023	AUTORIZACION ACCESO Y USO DE LOS RECURSOS INFORMÁTICOS DE LA PLATAFORMA DE RENDICIÓN DE CUENTAS	UCP17I006L
209/2023	15/02/2023	RESOLUCION BAIXA SAD POR INCOMPATIBILIDADE M. C.	UBS17I00DL

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		G.	
210/2023	15/02/2023	DENEGAR a Dona C. L. S. as axudas para abono de recibos de aluguer e sumministración de recibos de gas e auga por exceder o límite de ingresos establecido no regulamento municipal de PEEIS conforme artigo 5.2.	UBS17I00D7
211/2023	15/02/2023	Declarar o desestimento de Dona M, A. C. C. das axudas solicitadas para pago de aluguer por no aportar a documentación preceptiva	UBS17I00D5
212/2023	15/02/2023	DENEGAR a Dona C. R. C as axudas para abono de de recibos de aluguar por incumplimiento do Art. 5.1 do regulamento municipal, a solicitante xa non ten residencia efectiva en Culleredo	UBS17I00D6
213/2023	15/02/2023	DENEGAR a Don A. D. M. as axudas para gastos derivados das necesidades básicas de subministración por superar o limite de ingresos establecido no regulamento municipal de PEEIS, artigo 5.2.	UBS17I00D8
214/2023	15/02/2023	RESOLUCIÓN DENEGATORIA PASAXE P. UME/2023/38	UME17I00KD
215/2023	15/02/2023	Resolución alegaciones Expediente SCOVID/CULLEREDO/0287	USC17I0053
216/2023	15/02/2023	Decreto Sanciones de Tráfico DR 27110/2022 (desestimación alegaciones)	USC17I004Z
217/2023	15/02/2023	Decreto Inicio Sanciones Tráfico (AI 99500000028097) (Expedientes 1381/2023 y otros)	USC17I0056
218/2023	15/02/2023	Nova orde de nomeamentos Tenentes de Alcalde	USG17I00WI
219/2023	15/02/2023	Convocatoria Xunta de Voceiros 17/02/2023	USG17I00WK
220/2023	15/02/2023	SOLICITA LICENZA PASAXE PERMANENTE NA RUA LEOPOLDO BLANCO VILA, RF. ^a CATASTRAL: 0058178NH5905N0001BZ	UME17I00L8
221/2023	16/02/2023	Resolución propuesta nombramiento JRV (movilidad) (Policía Local)	USC17I0055
222/2023	16/02/2023	Resolución de delegación da Presidencia da Comisión Informativa de Política Social	USG17I00WM
223/2023	16/02/2023	RESOLUCIÓN DENEGACIÓN PEEIS a M. A. M. B.	UBS17I00D9
224/2023	16/02/2023	Declarar o desestimento de Don D. O. P. L. das axudas solicitadas para pago de recibos de aluguer por no achegar a documentación perceptiva conforme lo disposto no artigo 19 do Regulamento de acceso a prestacións económicos municipais para a inserción social (PEEIS).	UBS17I00EN
225/2023	16/02/2023	Retencións IRPF (mod 111) mes xaneiro/2023	UIT17I0060
226/2023	16/02/2023	RESOLUCIÓN APROBACIÓN PLAN DE S. E S. 'CUBRICIÓN	UME17I00LP

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
		DA PISTA DEPORTIVA DE LEDOÑO'.	
227/2023	16/02/2023	Recoñecemento de grao persoal a S.C.C.	UPO17I009C
228/2023	16/02/2023	Convocatoria Xunta de Goberno Local 20-02-2023	USG17I00XE
229/2023	16/02/2023	Suplencia alcaldía 17 febreiro 2023	USG17I00Y9

“

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

2.1.2.- Resolucións da Alcaldía, relativas á organización municipal, das que se dá conta expresamente ao Pleno da Corporación, e que se transcriben no seu literal:

*** Resolución número 127, de data 03/02/2023:**

“RESOLUCIÓN

Considerando que segundo o disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 35.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de concelleiros/as non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Considerando que corresponde ao Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local á concelleira dona Cristina Pardo Portos.

Segundo.- Notificar persoalmente a dona Cristina Pardo Portos esta resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

*** Resolución número 129, de data 03/02/2023:**

“RESOLUCIÓN

Por resolucións da Alcaldía de datas 18 de xuño de 2019 e de 8 de xuño de 2020 acordouse efectuar delegacións xenéricas das áreas de goberno municipal a prol dos/as tenentes de Alcalde nomeados.

Por resolución da Alcaldía do día 13 de xullo de 2020 acordouse reestructurar as áreas de goberno local en uso das competencias de dirección do goberno e da administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, concede ao Alcalde.

Támén por resolución da Alcaldía de data 13 de xullo de 2020 (modificada por resolución número 930, de data 24 de xullo de 2020) estableceuse como quedaban as delegacións xenéricas efectuadas por esta Alcaldía en datas 18 de xuño de 2019 e 8 de xuño de 2020.

En data 16 de decembro de 2020, por resolución número 1871/2020, acordouse modificar as delegacións conferidas a prol das concelleiras dona María Guadalupe Pombo Carril (primeira tenente de alcalde), dona Marta María Iglesias Becerra (quinta tenente de alcalde) e dona Yéssica Méndez Sánchez (sétima tenente de alcalde)

Visto que en data 26 de xaneiro de 2023 tomou posesión no pleno municipal como membro da Corporación dona Cristina Pardo Portos tras a renuncia presentada ao seu cargo de concelleira de dona María Guadalupe Pombo

Carril, concelleira delegada da área de Política Social e Promoción do Deporte, esta Alcaldía considera necesario reestruturar as delegacións efectuadas.

Por todo o exposto, e de conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e co fin de conseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a delegación conferida a prol da sétima tenente de alcalde, dona Jéssica Méndez Sánchez.

Segundo.- Efectuar a favor das Sras concelleiras, membros da Xunta de Goberno Local, dona Jéssica Méndez Sánchez e dona Cristina Pardo Portos, as seguintes delegacións xenéricas correspondentes as áreas que se indican:

I.- Dona Jéssica Méndez Sánchez, sétima Tenente de Alcalde Delégase nesta Concelleira a dirección política da área de política social e promoción do deporte, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

A) De xeito xenérico:

- a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dita-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.*
- b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .*
- c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.*
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.*

B) En materia de política social:

- a) A resolución dos procedementos de solicitudes de prestacións sociais.*
- b) A resolución das solicitudes de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.*
- c) A resolución das solicitudes de axudas/subvencións a particulares en materias incluídas dentro do ámbito da delegación, de acordo co que dispoñen as normas en vigor e as bases de execución do rozamento. Neste caso, a facultade de concesión de axudas/subvencións leva engadida a de aprobar e dispoñer o gasto e ordenación do pago correspondente.*

II.- Dona Cristina Pardo Portos.- Delégase nesta Concelleira a dirección política da área de participación cidadá, educación e medio rural, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

- a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dita-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.*
- b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .*
- c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.*
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.*

e) A resolución das solicitudes de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, de acordo co que dispoñen as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aprobar e dispoñer o gasto e ordenación do pago correspondente

Terceiro.- Esta resolución será efectiva desde o día da súa sinatura, e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Asemade, esta resolución será notificada ás interesadas para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

*** Resolución número 197, de data 10/02/2023:**

“RESOLUCIÓN

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 13 de xullo de 2020 acordouse nomear Tenentes de Alcalde aos concelleiros/as que na mesma se especifican.

Resultando que a que foi primeira tenente de Alcalde, dona María Guadalupe Pombo Carril, renunciou ao seu cargo de concelleira desta Corporación, renuncia da que tomou coñecemento o Pleno na sesión de data 14 de decembro de 2022.

Considerando que na sesión plenaria celebrada en data 26 de xaneiro de 2023 tomou posesión como concelleira dona Cristina Pardo Portos.

Considerando que, segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de decembro, de administración local de Galicia, e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que por Resolución desta Alcaldía de data 3 de febreiro de 2023 nomeouse membro da Xunta de Goberno Local á concelleira dona Cristina Pardo Portos.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenente de Alcalde á concelleira membro da Xunta de Goberno Local, dona Cristina Pardo Portos.

Segundo.- Como consecuencia do acordado anteriormente, a orde de nomeamentos de Tenentes de Alcalde queda do seguinte xeito:

Primeiro Tenente de Alcalde: don Juan Carlos Iglesias Lovelle

Segunda Tenente de Alcalde: dona Marta María Figueroa Fuentes

Terceiro Tenente de Alcalde: don Carlos Liñares Gestal

Cuarta Tenente de Alcalde: dona Marta María Iglesias Becerra

Quinto Tenente de Alcalde: don Abraham Seijas González

Sexta Tenente de Alcalde: dona Yessica Méndez Sánchez

Sétima Tenente de Alcalde: dona Cristina Pardo Portos

Terceiro.- Como consecuencia desta nova orde de nomeamentos, as resolucións que se refiren a continuación modifícanse no senso que se indica:

- *Resolución número 886/2020, de data 13/07/2020:*
Onde di:
“(././.) Juan Carlos Iglesias Lovelle, segundo Tenente de Alcalde (././.)
Marta María Figueroa Fuentes, terceira Tenente de Alcalde (././.)
Carlos Liñares Gestal, cuarto Tenente de Alcalde (././.)
Abraham Seijas González, sexto Tenente de Alcalde (././.)”
Debe dicir:
“(././.) Juan Carlos Iglesias Lovelle, primeiro Tenente de Alcalde (././.)
Marta María Figueroa Fuentes, segunda Tenente de Alcalde (././.)
Carlos Liñares Gestal, terceiro Tenente de Alcalde (././.)
Abraham Seijas González, quinto Tenente de Alcalde (././.)”
- *Resolución número 930/2020, de data 21/07/2020:*
Onde di:
“(././.) Juan Carlos Iglesias Lovelle, segundo Tenente de Alcalde (././.)”
Debe dicir:
“(././.) Juan Carlos Iglesias Lovelle, primeiro Tenente de Alcalde (././.)”
- *Resolución número 1871/2020, de data 16/12/2020:*
Onde di:
“(././.) Marta María Iglesias Becerra, quinta Tenente de Alcalde (././.)”
Debe dicir:
“(././.) Marta María Iglesias Becerra, cuarta Tenente de Alcalde (././.)”
- *Resolución número 129/2023, de data 03/02/2023:*
Onde di:
“(././.) Jéssica Méndez Sánchez, sétima Tenente de Alcalde (././.)”
Debe dicir:
“(././.) Jéssica Méndez Sánchez, sexta Tenente de Alcalde (././.)”

Cuarto.- Notificar persoalmente aos/as designados/as a presente resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

*** Resolución número 218, de data 15/02/2023:**

“RESOLUCIÓN.- NOVA ORDE DE NOMEAMENTOS TENENTES DE ALCALDE

Por resolución da Alcaldía número 197, de data 10 de febreiro de 2023, acordouse unha nova orde de nomeamentos de Tenentes de Alcalde tras a toma de posesión da concelleira dona Cristina Pardo Portos e, en consecuencia, modificar as resolucións números 886, 930 e 1871 do ano 2020 e a número 129 do 2023.

Considerando que, segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de decembro, de administración local de Galicia, e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Establecer unha nova orde de nomeamentos de Tenentes de Alcalde, quedando do seguinte xeito:

Primeira Tenente de Alcalde: dona Marta María Iglesias Becerra

Segundo Tenente de Alcalde: don Juan Carlos Iglesias Lovelle

Terceira Tenente de Alcalde: dona Marta María Figueroa Fuentes

Cuarto Tenente de Alcalde: don Carlos Liñares Gestal

Quinta Tenente de Alcalde: dona Jessica Méndez Sánchez

Sexto Tenente de Alcalde: don Abraham Seijas González

Sétima Tenente de Alcalde: dona Cristina Pardo Portos

Segundo.- Deixar sen efecto as modificacións efectuadas no punto terceiro da resolución número 197, de data 10 de febreiro de 2023, no tocante as resolucións números 886, 930 e 1871 do ano 2020 e a 129 do 2023.

Terceiro.- Modificar as resolucións números 1871, de data 16/12/2020, e 129, de data 03/02/2023, no senso que se indica:

- Resolución número 1871, de data 16/12/2020:

Onde di:

“(../...) Marta María Iglesias Becerra, quinta Tenente de Alcalde (../...)”

Debe dicir:

“(../...) Marta María Iglesias Becerra, primeira Tenente de Alcalde (../...)”

- Resolución número 129, de data 03/02/2023:

Onde di:

“(../...) Jéssica Méndez Sánchez, sétima Tenente de Alcalde (../...)”

Debe dicir:

“(../...) Jéssica Méndez Sánchez, quinta Tenente de Alcalde (../...)”

Cuarto.- Notificar persoalmente aos/as designados/as a presente resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

*** Resolución número 222, de data 16/02/2023:**

“RESOLUCIÓN.- DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO

En data 16 de xullo do 2019 o Sr. alcalde ditou resolución na que acordou delegar a presidencia efectiva da Comisión Informativa de Política Social, Mocidade, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo (agora Comisión Informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo tras a modificación acordada en sesión plenaria de data 10/09/2020) na concelleira da Corporación municipal dona María Guadalupe Pombo Carril, proposta pola Comisión informativa na súa sesión constitutiva celebrada en data 15 de xullo de 2019.

Tendo en conta que dona María Guadalupe Pombo Carril, concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte, renunciou ao seu cargo de concelleira municipal o día 1 de decembro de 2022, renuncia da que tomou coñecemento o Pleno municipal na sesión de data 14 de decembro de 2022

Tendo en conta que por resolución da Alcaldía número 129, de data 3 de febreiro de 2023 (modificada por resolución número 218, de 15 de febreiro de 2023), acordouse efectuar a favor de dona Jéssica Méndez Sánchez, quinta Tenente de Alcalde, a dirección política da área de Política Social e Promoción do Deporte.

Considerando o artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que dispón que o Alcalde é o Presidente nato de tódalas comisións informativas, se ben pode delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación a proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Por razóns de eficacia interesa a esta Alcaldía delegar a presidencia efectiva da Comisión Informativa Permanente de “Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo”, polo que

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva da Comisión informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo na concelleira da Corporación dona Jéssica Méndez Sánchez.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 06/02/2023 SOBRE PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO NO MONTE COSTA ASINADO O 06/05/2003 ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E A EMPRESA CLUB DE CAMPO AS MARIÑAS S.A.; DACIÓN DE CONTA.

A Presidencia dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/02/2023, punto 2 da orde do día, sobre proposta de liquidación do contrato de explotación de xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa asinado o 06/05/2003 entre o Concello de Culleredo e a empresa Club de Campo As Mariñas SA., ao tratarse dunha competencia delegada polo Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

2.3.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia fai uso da palabra e pregunta a todos os asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

2.3.1.- Preguntas presentadas con rexistro de entrada núm. 2023/1793, de 13 de febreiro de 2023, polo grupo municipal do BNG:

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosquera, procede coa súa lectura segundo o seguinte detalle:

"PREGUNTAS

Tendo coñecemento da reiterada problemática relacionada coa xestión de persoal docente do Conservatorio Profesional de Música do noso concello, sendo trasladada en numerosas ocasións ao goberno municipal e aos diferentes grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal, sen que se tivese resolto a situación de indefensión e inxustiza que sofren tanto o alumnado como as súas familias, queremos preguntarllas:

- 1. Que accións ten realizado o goberno municipal para a renovación das listas de substitución do profesorado do Conservatorio?*
- 2. Cales foron as accións levadas a cabo para solicitar da Xunta de Galicia poder contar con profesionais docentes inscritos nas listas de substitución do profesorado dos seus Conservatorios? En qué momento levaron a cabo estas accións? Onde podemos consultar as respostas da Xunta de Galicia?*
- 3. Cales foron as accións levadas a cabo para solicitar doutros concellos con centros de similares características e listas de substitución propias poder contar con profesionais docentes inscritos nas súas listas? En qué momento levaron a cabo estas accións? Onde podemos consultar as respostas destes concellos?*
- 4. Levaron a cabo algunha outra acción para resolver a problemática na xestión de persoal docente do Conservatorio?*
- 5. Cal é o calendario esperado para a substitución do profesorado necesario para cubrir as necesidades do alumnado do Conservatorio?"*

A voceira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes vai responder ás preguntas rexistradas para o Pleno que se está a celebrar segundo a orde pola que se formularon

* Respecto da primeira pregunta sobre que accións ten realizado o goberno municipal para a renovación das listas de substitución do profesorado do Conservatorio, se realizaron as accións normais obrigatorias que están reguladas na Administración Pública, como é ditar unha orde e levar o acordo á Xunta de Goberno Local, publicalo, pasar as probas e/ou exames que recollan as bases. Engade que as listas están actualizadas desde o 2022, polo que actualmente están totalmente actualizadas e en vigor.

* En relación á pregunta sobre cales foron as accións levadas a cabo para solicitar da Xunta de Galicia poder contar con profesionais docentes inscritos nas listas de substitución do profesorado dos seus Conservatorios, en qué momento levaron a cabo estas accións e onde se pode consultar as respostas da Xunta de Galicia. Di que o día 25 de outubro do 2021 remitiuse unha consulta á Xunta de Galicia para saber se o Concello podía recurrir ás súas listas de substitucións pola cantidade precaria de aspirantes que se presentaran a elas e a contestación textual o 3 de novembro de 2021 do Subdirector xeral de Recursos Humanos da Xunta de Galicia foi que non é posible atender á demanda polas propias dificultades que teñen para xestionar a provisión das interinidades e substitucións nas especialidades deses corpos. Todos os conservatorios que dependen da Xunta están a ter o mesmo problema á hora de ter aspirantes ou profesorado nas súas

listas para substituír. Se se desexa pódese ter acceso ao documento porque no expediente están a consulta e a resposta á mesma.

* Sobre cales foron as accións levadas a cabo para solicitar doutros concellos con centros de similares características e listas de substitución propias poder contar con profesionais docentes inscritos nas súas listas, en qué momento levaron a cabo estas accións e onde podemos consultar as respostas destes concellos. Foron conversas cos responsables políticos dos conservatorios, chamadas en principio informais para saber como se podía colaborar e a posibilidade de que o Concello se adherira a algunha das súas listas por convenio. Falouse cos concellos de Betanzos e de Vigo e, de momento, non se obtivo resposta, se ben é certo que as peticións son moi recentes e aínda que están a valorar a posibilidade, si trasladan que están a ter a mesma problemática.

* Respecto de se se levou a cabo algunha outra acción para resolver a problemática na xestión de persoal docente do Conservatorio. A modificación da RPT, ampliando xornadas, adecuándoas ás necesidades de cada momento e de cada curso, pasando xornadas parciais a completas e ampliando as horas das xornadas parciais, facendo tamén un proceso de estabilización dun profesor que é persoal laboral temporal que está incluído no proceso de estabilización que recolle a lei.

* Sobre cal é o calendario esperado para a substitución do profesorado necesario para cubrir as necesidades do alumnado do Conservatorio, di que será o mínimo posible dentro das limitacións legais e presupostarias existentes. O goberno municipal intentou abarcar todo ata onde podía chegar e que ten as listas actualizadas pero que hai moi pouco persoal, moi poucos candidatos e candidatas. Nalgúns casos ao facer os chamamentos a xente responde que xa está traballando polo que se esgota a lista e por este motivo recurriuse á Xunta de Galicia e a outros concellos veciños que contan con conservatorio. Se alguén ten algunha idea máis e pode aportar algo sobre que solución a curto prazo pode ter esta situación o equipo de goberno estará encantado de oílo.

O Sr. Méndez Mosqueira comenta que, como ben di o goberno municipal, hai unhas listas vixentes e están esgotadas "*de facto*", sendo obvio que tendo unha orde de chamamentos na que todos declinan a proposta do Concello. Poderíase iniciar o proceso para elaborar unhas novas listas e pregunta por que o goberno municipal non ten feito esta acción. O goberno fala de que hai moi pouca demanda e o BNG ten falado con profesores que poderían dar clase no Conservatorio e que, incluso estando no paro, declinan esa proposta porque coñecen cal é o ambiente e cal é a pouca certeza do seu traballo no Conservatorio por cousas como estas de que o equipo de goberno fala de que teñen feito todo o que está na súa man e a simple lista que está esgotada "*de facto*" non se volve a sacar e non se fai ningunha publicidade das listas de substitucións. Se falou de que había poucos inscritos e o feito é que non se fixo publicidade dese procedemento máis que a mínima esixible legal. O que fai falta é vontade para solucionar dita problemática. A Sra. concelleira falou de que os contactos con outros concellos con conservatorios das mesmas características foron moi recentes e fai máis dun mes. No anterior pleno xa se falou de que o goberno municipal xa falara con outros concellos polo que moi recentes non parece que sexan. O que fai falta é vontade para que tanto o alumnado como os pais non teñan que estar manifestándose semana tras semana para que o goberno municipal busque unha solución porque neste caso cómpre celeridade e non se está a demostrar esa celeridade.

2.3.2.- Preguntas formuladas “*in voce*”, polo grupo municipal do BNG.

1.- O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido, di que a primeira cuestión da que quere falar o seu Grupo é da dación de conta na sesión plenaria que se está a celebrar respecto da liquidación do centro hípico As Mariñas coñecido popularmente como “A Garrocha”, na que por fin, á volta de catro anos, cando se tiña que ter liquidado nun mes, o goberno municipal dá conta da liquidación na que hai que sumar, aos 335.000 euros de canon impagado que se levantou no momento do rescate da concesión tras todo o traballo do BNG pedindo explicacións de por que non se estaba a cobrar o canon procedeuse ao rescate da concesión e nun informe de Tesourería valorouse que a débeda polo cánon era de 335.000 euros. Ese procedemento, curiosamente, xa se iniciara no 2012, ano no que se certificaban 120.000 euros de impago, sen que se saiba por que despois do 2012 non se seguiu co procedemento de rescate da concesión e deixouse que o impago chegara a 335.000 euros, aos que agora hai que sumar 975.000 euros máis según os propios cálculos do goberno municipal, polo deterioro das instalacións, co que se chega aproximadamente a 1.300.000 euros. Neste procedemento faltan cousas e que por este motivo o BNG vén de presentar un recurso de reposición contra dita aprobación porque faltan 700.000 euros dun compromiso de investimento que adquiriu a propia empresa voluntariamente cando concursou no ano 99 a xestionar, en réxime de concesión, esas instalacións. Falta o pagamento do 3% dos seus rendementos de cada anualidade que se sumarían ao canon unha vez rendidas as contas. Contas que nunca se pediron ao igual que a esixencia do canon. Falta, tamén, unha valoración de espazos que se atopaban precintados. Principalmente hai que xustificar por que se escolle unha valoración de 900.000 euros e non se escolle a do primeiro técnico que acudiu alí que motiva a súa taxación en criterios do Colexio de Arquitectos, escolle unha metodoloxía que xustifica e na que dá unha taxación de depreciación de 2.900.000 euros contra os 900.000 da valoración que escolle o goberno municipal. O BNG non vai dicir cal valoración é a que hai que escoller pero que si di que, coma en todos os procedementos administrativos, ante tal disparidade non cabe a arbitrariedade, non cabe dicir que se escolle unha de tres porque é a que lle peta senón que hai que motivar por que se escolle unha e non outra. Neste tema se podería estar diante dun pufo de non 1.900.000 euros senón de casi 4.000.000 de euros. Pregunta se o equipo de goberno xa revisou o recurso que presentou o BNG, se se informou para poder vir ao Pleno que se está a celebrar ou en que momento se vai resolver unha vez pedidos todos os informes pertinentes e vai vir ao Pleno para que se resolva.

A concelleira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, responde que non vai entrar a debater a liquidación porque xa está feita na Xunta de Goberno Local e todos e todas os concelleiros e concelleiras da Corporación teñen traslado da mesma, dándose conta tamén nesta mesma sesión plenaria e foi publicada tamén nos boletíns oficiais correspondentes. O BNG interpuxo o recurso de reposición que cabía contra a dita liquidación e o goberno municipal aínda está en tempo e forma para resolvelo, debendo levar dita resolución ao Pleno seguinte. O grupo de goberno non podía agardar que o BNG estivera de acordo coa liquidación feita pero a mesma foi feita en base aos criterios dos técnicos correspondentes e anotada en función dos mesmos.

O Sr. Chouciño Garrido pregunta por que o goberno municipal non podía agardar que o BNG estivera de acordo.

Reponde a Sra. Iglesias Becerra e di que porque nunca están de acordo.

O Sr. Chouciño Garrido intervén e di que nunha cuestión como a que se está a debater, na que o goberno municipal non cobrou un canon de 24.000 euros ao ano durante unha década, hai que mirala con lupa e así o fai o BNG. No momento en que o equipo de goberno inicia no 2012 un rescate da concesión cun informe de débeda de 120.000 euros e non fai nada máis ata que o BNG bota dous anos preguntando canto se debe sen que o goberno municipal queira contestar e chegando incluso ao extremo de levantar unha sesión e largarse. Despois de todo iso e de facer agora tres informes de valoración, triplicando un deles ao que escolle o equipo de goberno, e nos que o total, en función do que se escolla, oscilaría entre 1.300.000 euros e 4.000.000 comprenderá que o BNG non tome isto á lixeira e faga unha apreciación mirada con lupa, motivo polo que o seu voto será en contra e lle pregunta á Sra. Iglesias Becerra se a ela lle dá igual que o Concello perda catro millóns ou que perda un millón trescentos mil euros, engadindo que lles dá igual porque levan visto isto xa demasiadas veces.

Engade que hai veciños que lle preguntaron en que momento se puido ver publicamente a Xunta de Goberno Local na que se tratou o tema da liquidación do que se está a falar e que o BNG foi comprobar a data no anuncio publicado, sendo este do venres, ás 6 da tarde, celebrándose a sesión correspondente da Xunta de Goberno Local o luns, ás trece horas e trinta minutos, non gardándose o prazo mínimo de convocatoria polo que o BNG se garda a posibilidade de ampliar o seu recurso ou facer outro tipo de acción porque non se gardou o prazo de publicidade requirida para este tipo de publicacións.

O Sr. Alcalde-presidente recorda que as preguntas deben ser concisas e que non son obxecto de debate. Engade, por establecer unha orde no pleno e conforme establece o propio Regulamento, que cando se queiran debater os temas deben facerse mocións pero cando se presentan preguntas estas deben ser o máis concisas posibles e as respostas as que teñan que ser. As sesións da Xunta de Goberno Local, cando tratan asuntos delegados polo Pleno, son públicas e no caso referido saiu o secretario municipal para mirar se había alguén presente ou non e non había ninguén. Os membros do BNG, nun xesto de responsabilidade, poderían ter acudido a dita Xunta de Goberno e non o fixeron.

O Sr. Chouciño Garrido entende perfectamente que o equipo de goberno non queira debater o punto da liquidación da Garrocha porque lles resulta incómodo. Recorda que é un punto da orde do día e que si se pode falar no punto de rogos e preguntas dunha cuestión que vén no punto de dación de conta.

O Sr. Alcalde-presidente di que é simplemente unha cuestión de orde e que os rogos poden ser obxecto de debate e que as preguntas non, ademais de ser claras e concisas. Lle suxire ao Sr. Chouciño Garrido que faga unha moción, Non se vai negar a debater absolutamente nada no Pleno, como sempre fixo, pero é simplemente unha cuestión de orde e seguir a aplicación estricta do Regulamento para o funcionamento do pleno. Os rogos si son obxecto de debate pero que o Sr. Chouciño Garrido formula é unha pregunta.

O Sr. Chouciño Garrido di que o Sr. Alcalde-presidente aclarou que o punto tratado na Xunta de Goberno foi público e di que o BNG non lle reclamou que non fora público senón que se publicitara, que son cuestións distintas porque o complemento de que algo sexa público é telo publicitado en tempo e forma e non saír simplemente para ver se hai alguén. A orde do día ten que estar no taboleiro de anuncios e máis na sede electrónica e entre a publicación e a realización da sesión teñen que pasar vinte e catro horas hábiles, non cumpríndose este prazo neste caso.

2.- O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, formula unha segunda cuestión referida aos veciños de Fonte da Balsa que queren saber por que o Sr. alcalde-presidente anunciou a bombo e platillo no 2019, con infografía en prensa, con recursos públicos para facer a publicidade da súa campaña, cun traslado alí de maquinaria e duns palés de baldosas que retirou quince días despois das eleccións constituíndo unha burla para a veciñanza que debería facer caerlle a cara de vergonza ao Sr. alcalde e facerlle pensar en deixar o posto. Pregunta cales foron os impedimentos ata agora para poder facer uns accesos a Fonte da Balsa e para que sigan tendo aquilo na situación na que están amosando en vídeos e que el viu presencialmente en varias ocasións.

O Sr. Alcalde-presidente responde que a zona de Fonte da Balsa non está nas condicións nas que ningún dos membros da Corporación municipal quixera que estivera. Hai un proxecto que se aprobou co superávit do 2018, engadindo que cre que o Sr. Chouciño Garrido votou en contra desa obra, obra que conta con todos os informes favorables pero que precisaba dunha expropiación. Neste momento, despois de varias interpretacións xurídicas sobre se en solo rústico se podía facer a segregación que se precisaba e que foron as que paralizaron esa licitación, o goberno municipal está en situación de poder licitar dita obra; xa que a Lei de Contratos, ao tratarse dun ensanchamento dunha estrada ou dunha vía, posibilita a licitación antes de contar coa posesión dos terreos. Sobre a obra solicitouse ao proxectista que informara sobre se os valores da mesma estaban acordes cos prezos do mercado actuais ou non, informando este sobre un incremento duns 86.000 euros e presentando un informe no pleno de incorporación de créditos no que se levou unha partida presupostaria de aproximadamente 100.000 euros para incrementos de prezos en diferentes obras que se ían licitar. Unha vez que nas próximas semanas se incorporen os remanentes ao presuposto en vigor que neste momento hai prorrogado, o goberno municipal estará en disposición de poder licitar dita obra á maior brevidade posible. Mentres tanto estase a facer un prego de mantemento para diferentes viais do municipio sendo unha das zonas nas que se vai facer unha repavimentación o lugar de Fonte da Balsa, porque conta con numerosas fochancas e algunha outra problemática que se vai tentar de paliar na medida do posible, pero tendo en conta que aproximadamente en tres meses se podería estar empezando a obra polo que tampouco se vai facer un investimento en pavimentación desa zona cando o proxecto recolle un ensanchamento da vía, a súa pavimentación, o fresado e a recuperación de toda esa zona.

A voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu, di que non lle quedou claro se ao final vai ser necesaria a expropiación ou non. Nese caso, pregunta se hai partida no orzamento destinada para elo.

O Sr. Alcalde-presidente responde que se pode licitar e xa está bastante avanzado o acordo de compra dos terreos cos propietarios. Ao tratarse dun ensanche dunha vía non habería que aplicar a lexislación ao respecto. Haberá compra da parte que se necesita para o ensanchamento desa rúa. No propio remanente xa se vai contemplar dita partida.

A Sra. García Gorostizu pregunta se entón a licitación vai ser agora pero non se vai empezar ata que se solucione o problema dos terreos.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que case van á par porque xa está todo negociado cos propietarios das parcelas e hai acordo pero había a incertidume de se o Concello podería adquirir parcialmente ese solo. Anticipa que tamén hai acordo porque o goberno municipal ten interese en comprar todo o monte que está contiguo á Nacional 550 para que sexa de titularidade municipal para poder mellorar toda esa zona e facer unha zona verde en todo ese perímetro.

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido, agradece a intervención da voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo axudando a aclarar esta cuestión pero o BNG ten outras cuestións que non entende. Se o problema eran as expropiacións, nunca se lles explicou aos propietarios, e o goberno municipal xa sabía que non se podía facer cando trasladou alí unha caseta de obra, unha microexcavadora e uns palés de baldosas, e fixo a acción máis burda en época electoral, anunciando agora que o van volver a facer e que xa o teñen preparado e están en condicións de poñer alí unha caseta de obras e uns palés de baldosas para volver a repetir a mesma operación. Mentres tanto o Sr. alcalde di que para que se van pavimentar os baches se xa se vai facer a obra. Se se tivera feito a pavimentación no 2019, no momento en que o goberno municipal fixo aquela burla, xa estaría amortizado o rebacheo despois de catro anos e non se estarían a botar contas de que para que se vai rebachear aquela zona se en breve xa se vai facer un macroproxecto. Ao Sr. Alcalde lle traicionou a idea de facer alí algo grandilocuente e mentres tanto deixou aos veciños sen servizo, cuns accesos pésimos, cunhas escorrentías de barro que se lles meten nos garaxes, cun problema coas ratas que están furando baixo as cimentacións, constituíndo algo inhumano, máis alá dunta actitude ruín nun proceso electoral. Por todo isto o BNG lle roga ao Sr. alcalde que todo o que vén de explicar aquí llo explique aos propios interesados e que escoite o que eles lle teñen que replicar que é moito máis duro que o que replica o BNG.

O Sr. Alcalde-presidente di que el non dixo que non se ían tapar as fochancas senón que nesa zona hai que facer un traballo de mantemento xa que hai que ter en conta que a licitación para obrar nesa zona vai ser en breve. Na época electoral xa ían facer ese traballo pero o Sr. Chouciño Garrido, cando vía palés, cando vía casetas e cando vía obras, tiña por costume circular polos despachos para tratar de paralizar todo aquilo que se tentara facer.

O Sr. Chouciño Garrido intervén e lle pregunta al Sr. alcalde se, ademáis das expropiacións, o problema era o BNG.

O Sr. alcalde-presidente di que o problema era a actitude do Sr. Chouciño Garrido que realmente non quería que se fixera a obra.

O Sr. Chouciño Garrido comenta que como pode dicir o Sr. alcalde que o problema no mandato anterior foi o BNG cando o equipo de goberno contaba con maioría absoluta e o BNG só cun concelleiro. Tacha a situación de ridícula, engadindo que agora, que non contan con maioría absoluta senón que a teñen absolutísima, con doce concelleiros e concelleiras dos vinte e un que conforman a Corporación municipal, o Sr. alcalde ten a pouca vergonza de dicir que ademáis do problema das expropiacións o problema era o BNG.

C.I.F. P-1503100-H

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que a actitude, os xestos e a forma de expresarse do Sr. Chouciño Garrido denotan que ten unha preocupación e que sabe que foi el o que realmente paralizou aquela obra.

O Sr. Chouciño Garrido lle di ao Sr. alcalde que tivo ocasións de aceptar as emendas aos orzamentos que presentaron os veciños, que presentaban con recollida de sinaturas ano tras ano, que lle pediron citas, que tivo ocasión de reunirse con eles hai unha semana e desconvocou a reunión porque lles tiña medo. Engade que non é de extrañar porque o goberno municipal os ten moi cabreados. Lle propón unha alternativa que é que lles pida disculpas aos señores de Fonte da Balsa por non atendelos porque o goberno municipal estaba preocupado facendo fotos e que se lles despistou en catro anos tapar unhas fochancas e que lles diga que non volverá a ocorrer.

3.- O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, formula unha terceira cuestión. Hai un informe do Consello das Contas publicado este mes, a primeira vez que o fai a demandas de particulares, no que analiza a catro concellos, sendo o análise máis extenso o de Culleredo, que era realmente demoledor pero que aos concelleiros da oposición, ou alomenos aos do BNG, non lles colleu por sorpresa pois é unha cuestión que o seu Grupo leva anos denunciando. O Consello das Contas vén dicir que o goberno municipal ten que licitar os servizos porque non poden estar eternamente sen contrato, que non poden pagar facturas que chegan pola porta e nas que tanto a interventora como a secretaria informan recurrentemente de que está prohibida expresamente a contratación verbal e que toda contratación verbal é nula de pleno dereito, e así suma e segue, mencionando incluso apartados particulares que volverán a traer ao Pleno unha vez que os revisen con máis profundidade. Pregunta que accións tomou o goberno municipal desde que coñeceu o informe do Consello das Contas para acollerse a todo o que están requirindo que se faga, en particular deixar de abusar do contrato menor, do contrato non contrato, esa factura que chega pola porta sen contrato previo, e de ter todos os servizos municipais sen licitar.

A concelleira do Grupo Político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, responde que o Consello de Contas o que realizou, dentro da función de fiscalización de diferentes concellos, foi un informe de fiscalización do Concello de Culleredo que non se realizou a demanda de particulares senón que ten a súa orixe nunha solicitude que foi remitida ao Consello pola Fiscalía tras o arquivo das dilixencias de investigación penal que foran iniciadas pola denuncia dun grupo político no pleno presente, Alternativa dos Veciños. Considera a Fiscalía que non había ningún delito nin por que iniciar ningún procedemento penal. O Concello de Culleredo creou unha comisión de traballo e atendeu a todos os requerimentos de información realizados polo Consello de Contas prestando en todo momento a máxima colaboración posible, concluíndo o Consello, entre outras cousas, que a escasez de recursos humanos dificulta o traballo da área de Contratación do Concello de Culleredo e pón de manifesto unha serie de debilidades no funcionamento do Concello, facendo unha serie de recomendacións que se irán poñendo en práctica paulatinamente tan pronto se dispoña de medios suficientes para poder facelo. O goberno municipal xa ten avanzada a tramitación dos contratos de mantemento de zonas verdes, de xardíns, de limpeza viaria, e na medida das posibilidades que hai, xa se dispuxo que a partir do 1 de xaneiro deste ano se procedera á publicación na Plataforma de Contratación do Estado non só do listado de contratos menores, que xa se estaba a facer, senón tamén das adxudicacións deste tipo de contratos seguindo as recomendacións do Consello de Contas. Por último engade que nas bases de execución do orzamento para o presente

exercicio introdúcense normas sobre os procedementos de contratación a seguir, sobre os procedementos de control interno e regúlase formalmente o procedemento de tramitación deste tipo de resolucións.

O Sr. Chouciño Garrido replica á Sra. Iglesias Becerra que como pode utilizar a palabra "paulatinamente" cando esta é unha palabra indefinida. O goberno municipal leva toda a vida falando de paulatinamente, de cando teñan medios, e que hai indicios de que de paulatinamente nada e que están moi cómodos pagando millóns de euros a certas empresas sen contrato, e pon como exemplo a limpeza viaria, publicada na Plataforma de Contratación do Estado di que lle parece recordar desde o 2020, e sen que a Mesa de Contratación fixera nada máis para licitala, cando si hai tempo nos servizos públicos para contratar orquestras. A Sra. Iglesias Becerra comentou que o informe do Consello de Contas se emitiu a instancias da Fiscalía e que esta descartou implicacións penais e lle pregunta que pensaría a Fiscalía agora á vista do informe demoledor, extenso, exhaustivo, do Consello das Contas e se será cousa de poñelo a proba porque puidera ser que a Fiscalía non tivera os coñecementos e os datos para concluír todo o que concluíu o Consello das Contas. O propio goberno municipal o podería trasladar pois a todos lles interesa que haxa transparencia e calidade na xestión. O BNG si lle pedirá ao Consello das Contas que faga a mesma operación en exercicios posteriores porque o informe que emitiu refírese exclusivamente ao ano 2019 e o dito Consello non sabe que as cousas empeoraron e terán que revisar o 2020, o 2021 e o 2022.

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. Iglesias Becerra replica ao Sr. Chouciño Garrido que está entrando na demagogia máis absoluta e que di que non pode ser paulatinamente, que ten que ser todo xunto. Ao equipo de goberno lle gustaría poder contar cunha variña máxica e que todo se fixera ao momento pero se conta cos medios cos que se conta, tanto persoais como materiais. O Sr. Chouciño fala en concreto dun contrato de limpeza viaria de empresas que cobran millóns e lle di que todas as empresas que refire foron adxudicatarias nas licitacións dos procedementos abertos realizadas no seu momento. Engade que se irán formalizando novos contratos en canto os medios dispoñibles permitan proceder coa súa tramitación. O informe do Consello de Contas si foi a instancia da Fiscalía e non atopou ningún indicio de criminalidade pois do contrario o propio Consello llo tería remitido novamente. Non hai ningún delito que atopar en Culleredo malia que iso lle gustara ao Sr. Chouciño Garrido. O único que hai é, cos medios con que se conta, colaborar en todo momento con todas as investigacións que existan do Consello de Contas ou de calquera outro organismo que o requira.

O Sr. Chouciño Garrido di que o Consello das Contas non atopou indicios penais porque non é o seu labor.

O Sr. Alcalde-presidente chama ao orde ao Sr. Chouciño Garrido, dicíndolle que o que pretende é embarrar o Pleno e que xa dixo que as preguntas son preguntas e que non se vai entrar en debate, invitándoo a continuación a que faga a seguinte pregunta.

O Sr. Chouciño Garrido dille ao Sr. alcalde que non confunda embarrar con pedir claridade e, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, lle di que o contrato de limpeza viaria leva caducado desde 2012 e desde o 2020 publicado na Plataforma de Contratación; o contrato de auga potable, desde 2014 caducado. Podería seguir e non está a falar de contratos caducados recentemente.

O Sr. alcalde-presidente lle di ao Sr. Chouciño que respecte o funcionamento do pleno.

4.- O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, formula unha última cuestión sobre a que saiu unha noticia no xornal do día, respecto de que un grupo de persoas que están concursando a un procedemento selectivo de policía locais. Pon en dúbida que estea habendo claridade e transparencia e que se estea desenvolvendo de acordo aos criterios de mérito, igualdade e capacidade e a "limpeza" do proceso. O BNG solicitou no seu momento que dito proceso se depositara na Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia e o equipo de goberno non quixo. Ese grupo de persoas trasladou ao BNG a súa preocupación. Pensan que son unha cousa demasiado importante os procesos selectivos para o acceso a un emprego público e hai que tomalos en serio. Avisou xa o BNG, no seu momento, que había irregularidades nas bases e que nelas se recollía que podía ser secretario do tribunal calquera Grupo A e que non era así, resolvéndoo o equipo de goberno poñendo nese posto ao secretario xeral accidental do que xa teñen comentado noutras ocasións as súas circunstancias. O BNG, para arrojar clarividencia neste tema, pide que se abra un expediente informativo do que se dea traslado á Comisión de Persoal e se faga unha convocatoria extraordinaria da mesma para que se poida revisar e verificar se existen as irregularidades que se están a denunciar.

A voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu, súmase ao rogo do BNG porque quedaron tamén moi sorprendidos coa noticia na prensa e ademais lles están chegando noticias de que noutros procesos selectivos que se están a preparar no Concello poida haber tamén máis irregularidades. Anuncia que os membros do seu Grupo investigarán todo o que estea nas súas mans para que isto non se deixe pasar por alto.

A voceira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, responde, en relación coa noticia da prensa referida, que o equipo de goberno ten a mesma sorpresa. Non saben o que se denuncia, preguntándolle aos membros da oposición se eles saben o que se denuncia pois ela leu a noticia na prensa pero aínda non lles chegou o escrito da Valedora para que o Concello informe ao respecto. Respecto doutros procesos, no Concello de Culleredo non hai ningunha irregularidade máis. Pode haber erros que se subsanan ou decisións do Tribunal. No Concello os tribunais son soberanos cando se inicia unha oferta pública á hora de examinar. Non hai problema ningún e que cando o goberno municipal teña o escrito da Valedora contestará según proceda.

O Sr. Alcalde-presidente di que a independencia do Tribunal está aí e que é un tema que está perfectamente custodiado.

2.3.3.- Preguntas formuladas "in voce", polo grupo municipal do PP.

1.- O concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García, en relación co tema da Garrocha, o seu Grupo preguntou no último Pleno e na Comisión correspondente. O goberno municipal dixo que lles ía dar unha resposta da que aínda están pendentes. A pregunta era referida ao exercicio das accións de responsabilidade contra o órgano de administración pois entendíase que se estaba ante unha situación de prescripción da acción polo transcurso dos catro anos. O comentaron nas comisións e no pleno e están á espera de recibir resposta sobre se se iniciou algún tipo de acción por parte do Concello xa que á vista do expediente non o viron.

A Sra. Iglesias Becerra responde, como xa dixo nas comisións informativas, que non lle consta que se iniciara o procedemento do que fala o Sr. Prieto García. Non o pode afirmar categoricamente pero non lle consta nin ese tipo de procedemento, nin que se quedara en dar ningún tipo de resposta, nin que se lle fixera pregunta ningunha con esa finalidade.

2.- A voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu, di que o seu Grupo traía ao pleno outras preguntas coincidentes con algunhas das feitas polo Bloque Nacionalista e que non lles quedou claro, no tema do Conservatorio, se o goberno municipal se reuniu coa APA do Conservatorio.

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que se reuniron tres ou catro veces.

A Sra. García Gorostizu di que tampouco lles quedou claro aos membros do seu Grupo por que non se acude ao Servizo Público de Emprego de Galicia tal e como solicitan eles nas súas demandas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non se pode.

A Sra. García Gorostizu pide que se atendan as demandas da APA do Conservatorio e que se convoquen novos procedos selectivos con procedementos máis accesibles e áxiles para a creación de listas de substitucións e para as especialidades e que digan que van facer cos pais afectados polos nenos que se quedan sen clase ou que están recibindo menos horas das que lles corresponde ou con profesores que non son os que lle corresponden e se van ter con eles algún tipo de bonificación no prezo da mensualidade. Roga, tamén, que se fagan as xestións oportunos para que se lles pase ao cobro ás familias as taxas correspondentes no mes que toca porque ao seu Grupo lles dixeron que ás veces xúntanse con tres recibos xuntos.

O Sr. Alcalde-presidente responde que a formación no Conservatorio é unha formación reglada e que está todo regulado pola Xunta de Galicia, pola Consellería de Educación, e hai un procedemento reglado para todo que é o que cada concello ten que aplicar, sendo a Dirección do Centro e o Consello Escolar os que deban facer as suxerencias.

3.- A Sra. García Gorostizu, respecto dos veciños de Fonte da Balsa, di que atopou na hemeroteca unha noticia do 2013 na que o Sr. Rioboo Castro, naquel entóns concelleiro, comentaba que o arranxo alí era inminente.

O Sr. Rioboo pregunta se o arranxo estaba incluído nun plan de seguridade cidadá.

A Sra. García Gorostizu busca a noticia e a le, co seguinte texto: *"El primer teniente de alcalde y responsable de Seguridad Ciudadana, José Ramón Rioboo, explicó que la actuación se realiza para dar respuesta "de la forma más breve posible" a las "demandas trasladadas por los vecinos de la zona" que necesitaban más aparcamiento, sobre todo en determinadas horas del día."* Isto demostra que o actual alcalde, entóns como primeiro tenente de alcalde, en todo o tema de Fonte da Balsa, xa empezou con mentiras e con promesas desde o 2013. Lle pide que, despois de dez anos, se reúna con eles e atenda as súas demandas porque é importante. Os veciños de Fonte da Balsa non só teñen problemas cos taludes, cos baches, o barro, as filtracións, o mobiliario; xa que hai

tamén un problema grave co piso de tránsito. Pregunta canto diñeiro leva o Concello investido en dito piso, por que a familia que o ocupa leva máis tempo do permitido nel e canto gastou o Concello na subvención que se deu a dita familia para que se puidera comprar unha casa alternativa no Monte Xalo.

O Sr. Alcalde-presidente di que recabará os datos para darllos e que, respecto da noticia referida sobre obras no 2013 en Fonte da Balsa, ditas obras eran referidas a traballos de mantemento en toda a urbanización e que o proxecto é do ano 2018.

A Sra. García Gorostizu di que as promesas en Fonte da Balsa empezaron no 2013.

4.- A Sra. García Gorostizu pregunta pola cuberta das Brañas porque o Sr. alcalde nunca é claro nas súas respostas e séguese sen saber por que non se tomou ningunha acción legal cos responsables dese despropósito, a que se está agardando para tomar algunha acción, se o Sr. alcalde ten algunha relación de amizade co director da empresa que executou dita obra e se é certo que o director da empresa que executou dita obra ten relación con algún ex-concelleiro do Grupo socialista, pois podería ser esa a explicación a que despois de tres anos coa cuberta no solo o goberno municipal aínda non fixera ningunha acción.

O Sr. Alcalde-presidente responde que as acusacións veladas non son moi limpas e dan continuidade ao xogo que lle interesa á oposición previo a unhas eleccións que están a chegar. O tema da cuberta das Brañas é un tema eminentemente técnico, non político, algo que xa explicou por activa e por pasiva. Unha vez que se estudie nos departamentos municipais correspondentes, agora que xa se conta con persoal en Urbanismo para poder facelo e contrastar cos informes que xa hai feitos, será cando se resolva. Se resolverá transversalmente en Contratación e será derivado a todas as áreas implicadas nesa construción. Se hai algo que dicir respecto das empresas e dos empresarios que contratan co Concello o hai que dicir, pero non se poden facer acusacións veladas.

A Sra. García Gorostizu replica que ela só está preguntando porque o informe técnico onde se di onde están todas as responsabilidades consta desde maio do 2021. Lle di ao Sr. alcalde que se el non ten capacidade para exixir responsabilidades pode acudir ao servizo da Deputación. O feito de que non se teña pedido axuda demostra que o Sr. alcalde non ten interese en arranxar dito tema.

O Sr. Alcalde replicalle á Sra. García Gorostizu que a cuestión da que se está a falar é unha cuestión eminentemente técnica, e non política. Preguntalle se sabe cal é a diferenza.

Responde a Sra. García Gorostizu e lle di que si o sabe e que ela tamén é técnica.

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que na próxima Xunta de Voceiros tratarase de regular as intervencións porque lle parece que na sesión que se está a celebrar non se tivo o decoro e orde que considera debe ter o pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta e nove minutos (14:49 h.) do expresado día "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30/03/2023, segundo o borrador asinado o día 16/03/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H